

música 1

Hoxe síntome artista
apaño os pinceis
e na paleta poño pintura+
e sobre un lenzo
a pintar comezo:
Cun garabato
pinto un retrato.
Dunha pincelada
pinto unha pescada.
Cunha simple liña
debuxo unha mariña...

Estou aborrecido, non sei que facer...

2

Ah, xa sei, vou ir á Biblioteca a ler un libro, dous libros e máis de tres que dixéronme que é moi divertido

A BIBLIOTECA está chea de libros
e en cada libro podo facer unha
viaxe
sen maleta e sen equipaxe
só en cirolas
das que utilizamos
na clase de ximnasia na escola.

Hai libros grandes e pequenos,
uns de lectura sinxela
e outros cheos de enguedellos.

Na biblioteca temos que estar
calados

non vaia ser que esperte

o trasgo que esta enmeigado.

Eu gusto de ir acotío

deitarme nese campo de follas

cheo de flores debuxadas

e bañarme no seu río

de letras encadeadas que son as

palabras.

Porque a biblioteca agocha
en cada libro
mundos fantásticos
como nunca vin.

Se hai que chorar se chora
e, se hai que rir, mira como río.

Eu quero vivir en cada liña
da fermosa prosa mil fantasías
e nos versos sentimentos adversos
que nos falen de infindos
universos.

Que grande é a nosa biblioteca
chea de soños e respostas!

A PRIMAVERA

Sae o sol
e o caracol
luce os cornos
dun xeito mol.

Unha andoriña
procura comida
para súa pitiña.

Sae sol,
o galo canta
e as nubes se levantan.

Unha galiña rebuldeira
pon os ovos na ribeira.

Sae o sol
todo luce máis luminoso
e o campo
asemella máis fermoso.

Sae o sol
que bo é ir pasear
e facer fotos das ondas do mar,
e logo ao aire libre merendar.

A CASA VELLA

A miña casa ten un poio
debaixo da xanela
onde brinca o esquío
e maila bubela.

Dende o xaneluco
que ten no fallado
vese o río,
o niño do cuco
e a escola co seu valado.

A miña casa ten a porta acesa
para que entre quen queira
amasar comigo na artesa.

A miña casa ten forno de leña
coa súa parrumeira.

E na lareira
o pote no lume
pendurado dunha gramalleira.

A miña casa ten tres habitacións
onde descansamos nós
e as nosas ilusións.

A miña casa ten un cortello
onde viven os porcos
aínda que é vello...

A miña casa ten leira e xardín
onde enredan os gatos, o can
e de cando en vez un xabaril.

A miña casa
é unha casa vella de aldea
para saber se te gusta
tes que vir vela.

A LAVADORA TOLA

A miña lavadora esta tola,
cando lava,
a roupa faille cóxegas
por iso se esmendrella
brinca, baila e gargallea...

O outro día bebeu moito xabón
e comezou a arroutar
pompas que estoupaban no ar
deixando todo o cuarto feito
un desastre,
pois se patinaba de tal xeito
que metía medo andar
por un chan tan esvaradío
e tan estreito.

A miña lavadora é preguiceira
e non quere lavar os trapos
porque di que cheiran
a gato.

A miña lavadora encolleume
un xersei de lá
e do pequerrecho que quedou
agora non me serve xa.

A miña lavadora destinxo
mesturou o azul co amarelo
e a roupa tinguiuse de verde,
amarelo e vermello
e a camiseta
púxose laranxa,
vermello e azul
e o chándal trocou en violeta.

A miña lavadora esta chalada
un día lava a roupa
e outro fai a colada.

O TELEFONO PACIFISTA

Teño un telefono moi raro
si estas cabreado
troca a túa voz
por unha cantiga de namorado.

Negase a dar malas noticias
quere encher de ledicia
a vida das xentes
correntes.

A el non lle gusta
que haxa pobres nin ricos
para el todos somos iguais
aos mais pobres dálle máis bicos.

O meu telefono é pacifista
non lle gustan as pistolas,
nin os coitelos, nin as escopetas,
nin os tanques coas súas
metralletas.

Na escola levárono ao oculista
porque andaba mal da vista
puxéronlle unhas gafas de
idealista
e agora o ve todo ecoloxista.

O meu telefono quiere cambiar o
mundo
negase a falar de cousas tristes,
por iso ás cousas ruíns insiste
en darlles un NON grande e
rotundo.

O meu telefono é moi raro,
ao mellor é un marciano
venusiano.

Esta claro!

O RATO PALLASO

Un rato
entrou no teatro
porque quería ser pallaso,
puxo pos encarnados
no seu nariz
e no pescozo unha grande lazada
a lunares verdes e amarelos,
casaca remendada,
cirolas improcedentes,
zapatos enormemente estridentes
e unha boina colorada.

Fixo o parvo de abondo
contou chistes chistosos,
imitou o andar do oso,
rinchou como o cabalo,
deu mil pinchacarneiros
sen ton nin son.

O publico riu a cachón...

E o rato

volveu para o seu buraco
cheo de satisfacción.